



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEGREIRA

*Anuncio aprobación definitiva da Ordenanza de caixeiros automáticos do Concello de Negreira*

O Pleno da Corporación con data de 12 de xullo de 2012, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Publicada con data 20 de xullo de 2012 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considerase aprobada definitivamente. Publícase a continuación o texto completo da ordenanza.

Negreira, 04 de setembro de 2012

José Blanco Pazos

Alcalde-Presidente

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

##### ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

##### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, adosados aos edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ao uso público.

2.- A Ordenanza non será de aplicación aos supostos de caixeiros sitos en espazos interiores das entidades financeiras, delimitados por elementos permanentes de peche.

##### ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1.- Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que realicen un aproveitamento especial do dominio público local derivado da utilidade asociada á instalación de caixeiros

2.- Cando se presente a obrigatoria declaración por instalación de caixeiro, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o declarante ou a persoa ou entidade a que represente. No caso de que non se presente a declaración, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo a empresa ou entidade financeira titular do caixeiro.

3. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 4º. CONTÍA.**

- 1.- A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será: Por unidade de caixeiro automático, ao ano: 227,64.-€.
- 2.- Non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algúin, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos nas normas con rango de Lei.

**ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.**

- 1.- Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante o Concello de Negreira a instalación e a desinstalación do caixeiro.
- 2.- A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de presentar a declaración ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro.

**ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.**

O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado.

A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

**ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, no caso do cal, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.

2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. O pagamento da Taxa se realizará por ingreso nas entidades bancarias que establecese o Concello.

**DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Orzamentaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2012 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o acordo de establecemento da antedita ordenanza fiscal poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comenzará a contar dende a publicación deste anuncio no BOP. Todo elo de conformidade co disposto na Lei 29/98, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso – administrativa.

2012/11419